

Tribunal Supremo. No caso do presidente, esta medida esixiu unha reforma previa do artigo 11.2 da Lei 35/1995, que foi acometida pola Lei 38/1998, do 27 de novembro.

Por outra parte, trátase de adecua-la composición da comisión ós cambios organizativos sufridos polos ministerios que contaban con representación nela. Para estes efectos, adoptáronse as seguintes modificacións: en primeiro lugar, a separación dos ministerios de Economía e Facenda aconsellou reservar a este último a representación na comisión; en segundo lugar, incrementouse a representación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e mantivéronse os vocais asignados ós restantes departamentos ministeriais, o que obrigou a incrementalo seu número, que pasa de 11 a 12.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, de Facenda e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de abril de 2003,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.*

Modifícanse os puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 74 do Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A Comisión nacional de axuda e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual estará constituída por un presidente, 12 vocais e un secretario xeral.

2. O presidente será un maxistrado nomeado polo ministro de Xustiza por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

3. Un dos vocais será o representante do Ministerio Fiscal e substituirá o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. O seu nomeamento farao o ministro de Xustiza, entre membros da carreira fiscal pertencentes á segunda categoría, por proposta do fiscal xeral do Estado.

4. Os restantes vocais da Comisión Nacional serán: dous representantes do Ministerio de Xustiza, dous do Ministerio de Facenda, dous do Ministerio do Interior e dous do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, todos eles con nivel orgánico de subdirector xeral e designados polo titular do respectivo departamento; e tres representantes das organizacións vinculadas á asistencia e defensa das vítimas de delitos violentos, designados polo ministro de Xustiza, por proposta das propias organizacións.

Simultaneamente á designación dos titulares destas vocalías farase a dos que actuarán como suplentes daqueles.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

8717 *REAL DECRETO 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.* («BOE» 102, do 29-4-2003.)

O Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, elaborouse co fin de incorporar ó noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/29/CE, do Consello, do 22 de abril de 1999, relativa ás substancias e produtos indesexables na alimentación animal, norma que modificaba varias anteriores e actualizaba a normativa con respecto ás substancias enumeradas nos seus anexos.

Os anexos do Real decreto 747/2001 foron modificados pola Orde PRE/1490/2002, do 13 de xuño, que traspón a Directiva 2001/102/CE, do Consello, do 27 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 1999/29/CE, antes citada. Esta modificación vén referida ós niveis máximos de dioxinas en alimentos para animais.

A Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal, derroga a Directiva 1999/29/CE, polas modificacións e innovacións que introduce con respecto a esta e os seus obxectivos son unifica-los anexos que describen os límites máximos de substancias indesexables, establece-las posibilidades de intervención e de descontaminación e prohibi-las mesturas con fins de dilución.

As novidades achegadas pola nova normativa comunitaria na materia determinan a conveniencia de derroga-lo Real decreto 747/2001, e de elaborar, na súa substitución, esta disposición, mediante a que se incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/32/CE.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados e sobre ela emitiron informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e a Axencia Española de Seguridade Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2003,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto regula as substancias indesexables nos produtos destinados á alimentación animal e os niveis máximos tolerados de substancias indesexables naqueles, co fin de protexe-la saúde humana, a sanidade animal e o ambiente.

2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo do disposto nas seguintes normas:

a) O Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e os produtos que interveñen na alimentación dos animais.

b) O Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais.

c) O Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos.

d) O Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos

de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e o Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos para os residuos de praguicidas sobre e nos produtos alimenticios de orixe animal, sempre que estes residuos non figuren no anexo deste real decreto.

e) A normativa relativa a cuestións veterinarias relacionadas coa saúde pública e a sanidade dos animais.

f) O Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Pensos: os produtos de orixe vexetal ou animal, en estado natural, frescos ou conservados, e os derivados da súa transformación industrial, así como as substancias orgánicas ou inorgánicas, simples ou en mesturas, con ou sen aditivos, destinados á alimentación animal por vía oral.

b) Materias primas para a alimentación animal: os distintos produtos de orixe vexetal ou animal en estado natural, frescos ou conservados, e os derivados da súa transformación industrial, así como as substancias orgánicas ou inorgánicas, con ou sen aditivos, destinados a seren utilizados para a alimentación dos animais por vía oral, ben directamente, ben transformados, para a preparación de pensos compostos ou como vehículos de pre mesturas.

c) Aditivos: os aditivos que se definen no artigo 2.1 do Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais.

d) Premestura: mestura de aditivos ou mestura dun ou varios aditivos cunha ou máis materias soportes, destinada á fabricación de pensos.

e) Pensos compostos: as mesturas de materias primas para a alimentación animal, con ou sen aditivos, destinados á alimentación dos animais por vía oral, en forma de pensos completos ou complementarios.

f) Pensos complementarios: as mesturas de pensos que conteñan elevadas porcentaxes de determinadas substancias e que, pola súa composición, só garantan a ración diaria se están asociados con outros pensos.

g) Pensos completos: as mesturas de pensos que, pola súa composición, abonden para garantir unha ración diaria.

h) Productos destinados á alimentación animal: materias primas para a alimentación animal, pre mesturas, aditivos, pensos e demais produtos destinados á alimentación animal ou utilizados para tal efecto.

i) Ración diaria: a cantidade total de alimentos, calculada sobre a base dun contido de humidade do 12 por cento, que necesita como media diaria un animal dunha especie, unha categoría de idade e un rendemento determinados para satisfacerlo conxunto das súas necesidades.

j) Animais: os animais pertencentes a especies que o ser humano normalmente alimenta e posúe ou consume e os animais que viven libremente na natureza, cando sexan alimentados con pensos.

k) Posta en circulación ou circulación: a tenza de produtos destinados á alimentación animal con fins de venda, incluída a oferta para a venda, ou calquera outra forma de traspaso, a título gratuito ou oneroso, a terceiros, así como a propia venda ou outras formas de traspaso.

l) Substancias indesexables: calquera substancia ou produto, con excepción de axentes patóxenos, presentes no produto destinado á alimentación animal e que constitúen un perigo potencial para a saúde humana, a sanidade animal ou para o ambiente, ou que poden ser prexudiciais para a produción gandeira.

Artigo 3. *Requisitos da circulación de productos destinados á alimentación animal.*

1. Só poderán pórse en circulación ou utilizarse os produtos destinados á alimentación animal que sexan sans, cabais e de calidade comercial e que, usados correctamente, non entrañen ningún risco para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, nin poidan ser prexudiciais para a produción gandeira. Así mesmo, só poderán entrar desde países terceiros, para a súa utilización na Unión Europea, os produtos destinados á alimentación animal que cumpran as mesmas condicións anteriores.

2. En particular, non se poderán considerar conformes co disposto no punto 1 os produtos destinados á alimentación animal cun contido de substancias indesexables que non se axuste ós contidos máximos mencionados no anexo deste real decreto.

3. Os produtos destinados á alimentación animal que se axusten a este real decreto non estarán sometidos a outras restricións de posta en circulación, no que á presenza de substancias indesexables se refire, que as que se desprenden da dita norma e do Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal.

Artigo 4. *Obrigas relativas ás substancias indesexables.*

1. As substancias indesexables enumeradas no anexo desta norma unicamente poderán ser toleradas nos produtos destinados á alimentación animal nas condicións que no dito anexo se establecen.

2. Co fin de reducir ou eliminar as fontes das substancias indesexables nos produtos destinados á alimentación animal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en cooperación cos operadores económicos pertinentes, levará a cabo investigacións encamiñadas a determinar as citadas fontes cando se excedan os límites máximos establecidos e cando se detecten niveis máis elevados das ditas substancias, tendo en conta os niveis de fondo.

As investigacións referidas no parágrafo anterior efectuaranse así mesmo cando, unha vez fixados polas autoridades comunitarias os límites mínimos de intervención aludidos na Directiva 2002/32/CE, se detecten, nos produtos para a alimentación animal, substancias indesexables en niveis superiores ós límites citados.

3. Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará as investigacións que, no ámbito das súas competencias, efectúen as comunidades autónomas na materia referida no punto anterior.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación enviará, a través da canle correspondente, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria, á Comisión Europea e ós demais estados membros calquera información pertinente, así como as indagacións respecto da fonte e as medidas adoptadas para reduci-los niveis ou eliminar as substancias indesexables. Esa información remitirase no marco do informe anual que se presentará á Comisión Europea conforme o disposto no artigo 3.3 do Real decreto 354/2002, salvo cando revista un carácter urxente para os demais estados membros, caso en que será enviada de inmediato.

Artigo 5. *Prohibición de mesturas con fins de dilución.*

Os produtos destinados á alimentación animal cun contido dalgunha substancia indesexable superior ó contido máximo fixado no anexo, non se poden mesturar, para efectos de dilución, co mesmo produto ou con outros produtos destinados á alimentación animal.

Artigo 6. Contido en substancias indesexables dos pensos complementarios.

Os pensos complementarios, na medida en que non existen disposicións específicas que lles sexan aplicables, non poden presentar, tendo en conta a proporción que deles se prescribe para unha ración diaria, substancias indesexables, das enumeradas no anexo, en contidos superiores ós fixados para os pensos completos.

Artigo 7. Medidas excepcionais.

1. Se, en razón da aparición de novos datos ou da nova valoración dos existentes, se tivesen motivos fundados para considerar que algún dos contidos máximos fixados no anexo ou algunha substancia indesexable non mencionada no dito anexo presenta un perigo para a saúde humana, a sanidade animal ou para o ambiente, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación dictará, logo de informe preceptivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, a correspondente orde mediante a que, de forma provisional, e en canto non se pronuncien ó respecto as autoridades comunitarias, se reducirá o contido máximo vixente, se fixará outro contido máximo ou se prohibirá a presenza desa substancia indesexable nos produtos destinados á alimentación animal.

2. As actuacións en aplicación do punto anterior efectuaranse sen prexuízo da adopción inmediata das medidas que a urxencia da situación requira, con obxecto de preservar a saúde dos consumidores, das que se dará conta no acto ás unidades correspondentes do Ministerio de Sanidade e Consumo.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, informará inmediatamente disto ós demais estados membros e á Comisión Europea precisando os motivos que xustificasen tal decisión.

Artigo 8. Actuacións no caso de modificacións do anexo.

No caso de que, como consecuencia das correspondentes actuacións da Comisión Europea, se modifique o anexo desta norma, ou se adopten criterios de aceptabilidade dos procesos de descontaminación que se engadirán ós criterios previstos para os produtos destinados á alimentación animal que fosen sometidos ós ditos procesos, levaranse a cabo as medidas encamiñadas a garantir a correcta aplicación de calquera proceso que se considere aceptable, así como a conformidade, respecto das disposicións contidas no anexo, dos produtos destinados á alimentación animal descontaminados.

Artigo 9. Responsabilidade dos explotadores de empresas de pensos.

O artigo 20 do Regulamento (CE) 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Axencia Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, que contén determinadas obrigas para os explotadores de empresas de pensos, será de aplicación «mutatis mutandis» á materia regulada neste real decreto.

Artigo 10. Aplicación da norma ós alimentos destinados ó comercio exterior.

1. As disposicións contidas neste real decreto aplicaranse ós produtos destinados á alimentación animal producidos na Unión Europea que se vaian exportar a países terceiros.

2. O disposto no punto 1 non afectará a reexportación nin a reexpedición dos citados produtos, que se realizará de acordo coas condicións establecidas no artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 178/2002.

Artigo 11. Réxime sancionador.

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, así como no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e a produción agroalimentaria.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste real decreto, e, en particular, o Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal.

Disposición derradeira primeira. Habilitación competencial.

A última frase do punto 1 do artigo 3 e o artigo 149.1.10.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior; os puntos 2 e 3 do artigo 4, de acordo co disposto no artigo 149.1.15.^a da mesma norma, que lle outorga ó Estado competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; o resto da disposición ten carácter de normativa básica, en virtude do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que reserva para o Estado as competencias exclusivas sobre as bases de coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, logo de informe preceptivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións deste real decreto e para a actualización ou inclusión de novos anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de agosto de 2003.

Dado en Madrid, o 25 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

Substancias indesexables	Productos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, referido a un contido de humidade do 12%	
(1)	(2)	(3)	
1. Arsénico	Materias primas para a alimentación animal, agás:	2	
	- fariñas de herbas, de alfalfa e de trevo deshidratado, así como polpa desecada de remolacha azucreira e polpa desecada con adición de melazas de remolacha azucreira	4	
	- fosfatos e pensos procedentes da transformación de peixes ou outros animais mariños	10	
	Pensos completos, agás:	2	
	- pensos completos para peixes	4	
	Pensos complementarios, agás:	4	
	- pensos complementarios minerais	12	
	2. Chumbo	Materias primas para a alimentación animal, agás:	10
		- forraxes verdes	40
		- fosfatos	30
- lévedos		5	
Pensos completos		5	
Pensos complementarios, agás:		10	
- pensos complementarios minerais		30	
3. Fluor		Materias primas para a alimentación animal, agás:	150
		- pensos de orixe animal	500
		- fosfatos	2000
	Pensos completos, agás:	150	
	- pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos		
	- lactantes	30	
	- os demais	50	
	- pensos completos para porcos	100	
	- pensos completos para aves de curral	350	
	- pensos completos para pitos	250	
Pensos complementarios minerais para bovinos, ovinos e caprinos	2000 (1)		

4. Mercurio	Outros pensos complementarios	125 (2)	
	Materias primas para a alimentación animal, agás:	0,1	
	- pensos obtidos mediante transformación de peixe ou outros animais mariños	0,5	
	Pensos completos, agás:	0,1	
	- pensos completos para cans e gatos	0,4	
	Pensos complementarios, agás:	0,2	
	- pensos complementarios para cans e gatos		
5. Nitritos	Fariñas de peixe	60	
		(expresado en nitrito de sodio)	
	Pensos completos, agás:	15 (expresado en nitrito de sodio)	
6. Cadmio	- pensos para animais de compañía (con excepción dos paxaros e peixes ornamentais)		
	Materias primas para a alimentación animal de orixe vexetal	1	
	Materias primas para a alimentación animal de orixe animal, agás:	2	
	- pensos para animais de compañía		
	Fosfatos	10 (3)	
	Pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos, agás:	1	
	- pensos completos para cuxos, años e cabritos		
	Outros pensos completos, agás:	0,5	
	- pensos para animais de compañía		
	Pensos minerais	5 (4)	
	Outros pensos complementarios para bovinos, ovinos e caprinos	0,5	
	7. Aflatoxina B1	Materias primas para a alimentación animal, agás:	0,05
		- cacahuete, copra, palmiste, sementes de algodón, babasú, millo e os derivados da súa transformación	0,02
Pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos, agás:		0,05	
- gando leiteiro		0,005	
- cuxos e cabritos		0,01	
Pensos completos para porcos e aves (agás animais novos)		0,02	

	Outros pensos completos	0,01	
	Pensos complementarios para bovinos, ovinos e caprinos (agás pensos complementarios para gando leiteiro, cuxos e cabritos)	0,05	
	Pensos complementarios para porcinos e aves de curral (agás animais novos)	0,03	
	Outros pensos complementarios	0,005	
8. Ácido cianhídrico	Materias primas para a alimentación animal, agás:	50	
	- sementes de liño	250	
	- tortas de liño	350	
	- productos de mandioca e tortas de améndoa	100	
	Pensos completos, agás:	50	
	- pensos completos para pitos	10	
9. Gosipol libre	Materias primas para a alimentación animal, agás:	1200	
	- tortas de sementes de algodón	20	
	Pensos completos, agás:	500	
	- pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos	100	
	- pensos completos para aves de curral (agás aves poñedoras) e cuxos	60	
	- pensos completos para coellos e porcinos (agás bacoriños)	300	
10. Teobromina	Pensos completos, agás:	700	
	- pensos completos para bovinos adultos	100	
11. Esencia volátil de mostaza	Materias primas para a alimentación, agás:	4000	
	- torta de colza	(expresado en isotiocianato de alilo)	
		150	
	Pensos completos, agás:	(expresado en isotiocianato de alilo)	
		1000	
	- pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos (agás animais novos)	(expresado en isotiocianato de alilo)	
		500	
	- pensos completos para porcinos (agás bacoriños e aves de curral)	(expresado en isotiocianato de alilo)	

12. Viniltiooxazolidona (viniloxazolidina- <i>tiona</i>)	Pensos completos para aves, agás: - pensos completos para aves poñedoras	1000 500
13. Caruncho do centeo (<i>Claviceps purpurea</i>)	Tódolos pensos que conteñan cereais non moídos	1000
14. Sementes de malas herbas e fritos non moídos nin triturados que conteñan alcaloides, glicósidos ou outras substancias tóxicas, por separado ou en conxunto, a saber:	Tódolos pensos	3000
a) <i>Lolium temulentum</i> L.		1000
b) <i>Lolium remotum</i> Schrank		1000
c) <i>Datura stramonium</i> L.		1000
15. Rícino- <i>Ricinus communis</i> L.	Tódolos pensos	10 (expresado en cascas de rícino)
16. <i>Crotalaria</i> spp	Tódolos pensos	100
17. Aldrina	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,01 0,2
18. Dieldrina		
(soa ou combinada, calculada en forma de dieldrina)		
19. Canfecloro (toxateno)	Tódolos pensos	0,1
20. Clordano (suma dos isómeros cis e trans e do oxiclordano, calculada en forma de clordano)	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,02 0,05
21. DDT (suma dos isómeros de DDT, TDE e DDE, calculada en forma de DDT)	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,05 0,5
22. Endosulfano (suma dos isómeros alfa e beta e do sulfato de endosulfán, calculada en forma de endosulfano)	Tódolos pensos agás: - millo - sementes oleaxinosas - pensos completos para peixes	0,1 0,2 0,5 0,005
23. Endrina (suma do endrín e deltacetoendrín, calculada en forma de endrina)	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,01 0,05

24. Heptacloro (suma do heptacloro e do heptacloroepóxido, calculada en forma de heptacloro)	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,01 0,2
25. Hexaclorobenceno (HCB)	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,01 0,2
26. Hexaclorociclohexano (HCH)		
26.1 isómeros alfa	Tódolos pensos, agás: - materias graxas	0,02 0,2
26.2 isómeros beta	Pensos compostos, agás: - pensos compostos para gando leiteiro	0,01 0,005
	Materias primas para a alimentación animal, agás: - materias graxas	0,01 0,1
26.3 isómeros gamma	Tódolos pensos agás: - materias graxas	0,2 2,0
27. Dioxina (suma de PCDD e PCDF, expresada en equivalentes tóxicos internacionais) (5)	Polpa de cítricos	500 pg I-TEQ/kg (límite superior de detección)
	Tódalas materias primas para a alimentación animal de orixe vexetal, incluídos os aceites vexetais e os subproductos	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Minerais	1,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Graxa animal, incluída a graxa de leite e a graxa de ovo	2,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Outros produtos de animais terrestres, incluídos o leite e os produtos lácteos, e os ovos e os ovoproductos	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Aceite de peixe	6 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Peixe, outros animais mariños, os seus produtos e subproductos, agás o aceite de peixe (6)	1,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Pensos compostos, agás os pensos para animais de peletería, de compañía e para peixes	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Pensos para peixes	2,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg
	Alimentos para animais de compañía	

<p>28. Albaricoque- <i>Prunus armeniaca</i> L.</p> <p>29. Améndoa amarga- <i>Prunus dulcis</i> (Mill.) D.A. Webb var. <i>Amara</i> (DC.) Focke (= <i>Prunus amygdalus</i> Bastch var. <i>Amara</i> (DC.) Focke)</p> <p>30. Faia con casca - <i>Fagus silvatica</i> L.</p> <p>31. Camelina - <i>Camelina sativa</i> (L.) Crantz</p> <p>32. <i>Mowrah, Bassia, Madhuca</i> - <i>Madhuca longifolia</i> (L.) Macbr. (= <i>Bassia longifolia</i> L. = <i>Illiped malabrorum</i> Eng.) <i>Madhuca indica</i> Gmelin (= <i>Bassia latifolia</i> Roxb.) = <i>Illipe latifolia</i> (Roscb.) F. Mueller)</p> <p>33. <i>Jatropha curcas</i> L.</p> <p>34. Crotón - <i>Crotón tiglium</i> L.</p> <p>35. Mostaza india - <i>Brassica juncea</i> (L.) Czern. e Coss ssp. <i>Integrifolia</i> (West) Thell.</p> <p>36. Mostaza de Sarepta - <i>Brassica hybcea</i> (L.) Czern. e Coss. ssp. <i>Juncea</i></p> <p>37. Mostaza chinesa - <i>Brassica juncea</i> (L.) Czern e Coss. ssp., <i>juncea</i> var. <i>Lutea Batalin</i></p> <p>38. Mostaza negra - <i>Brassica nigra</i>(L.) Koch</p> <p>39. Mostaza abisinia (etíope) - <i>Brassica carinata</i> A. Braun</p>	<p>Tódolos pensos</p>	<p>As sementes e froitos das especies correspondentes, así como os seus derivados procesados, poden estar presentes nos pensos só en cantidades mínimas, non determinables cuantitativamente</p>
---	-----------------------	--

- (1) Pódese dispor tamén un contido máximo de fluor igual a un 1,25% do contido de fosfato.
- (2) Contido de fluor por 1% de fósforo.
- (3) Pódese dispor tamén un contido máximo de cadmio igual a 0,5 mg por 1% de fósforo.
- (4) Pódese dispor tamén un contido máximo de cadmio igual a 0,75 mg por 1% de fósforo.
- (5) As concentracións do límite superior calcúlanse dando por sentado que tódolos valores das diferentes substancias afíns que estean por debaixo do límite de detección son iguais a este límite.
- (6) O peixe fresco subministrado directamente e utilizado sen tratamento intermedio para a produción de pensos para animais de peletería non está sometido ó contido máximo. Os produtos e as proteínas transformadas que se elaborasen a partir destes animais de peletería non poden entrar na cadea alimentaria, e está prohibido utilizalos na alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos.